

## **ALGUNHAS PROPOSTAS QUE PODEN AXUDAR A MELLORAR AS CONDUCTAS.**

1.- **Cadeira das emocións.** Na aula colócase unha cadeira. Cada neno ou nena pode sentarse alí cando queira e levantar distintos debuxos con : necesito un abrazo, quero falar un pouco, estou triste, estou ansioso...

2.- **A partires do conto: Por que Alberto se mete conmigo?** ( simplificado e adaptado as súas características) faise a actividade de : tarxetas verdes e vermellas. Na verde ponse o nome dos nenos que se portaron ben na semana. Na vermella os que se portaron mal. Faise público o nome dos que aparecen na verde e pode darse un diploma aos que se portaron ben. Co alumnado que aparece no vermello falase individualmente e en segredo con eles. Inténtase que toda a clase consiga un diploma.

3.- **Dinámicas de cooperativo:**

-**Dinámica dos cumpridos:** Cada día se adica un tempo a falar de cousas boas que ten un alumno/a, intentando que non se repita e que expliquen o cumprido.

-**Dinámica da pelota:** Empregando un obxecto ( pelota ou un rotulador), empezan presentándose , logo trabállase o aspecto que se queira: como se sinten, que queren mellorar, o que lles preocupa, que lles gusta, que quixerían cambiar,... e pásanllo ao compañeiro dicíndolle algo agradable ).

4.- **Estructuras de cooperativo:** Facer grupos cooperativos empezando a poñer cargos. Facer actividades con folio xiratorio, 1-2-4, lapis ao centro.

5.- **Facer plans de equipo:** Facer seguimento e avaliación do mesmo.

5.- **Relaxación:** Traballar a relaxación con moita frecuencia.

6.- **Escenificación de modelos de comunicación.** Escenificar modelos agresivo, asertivo, inhibido. Esta actividade debe facerse con moita frecuencia.

7.- **Práctica de iniciación á mediación:** Seguir os pasos da mediación cun adulto ou un neno maior cando hai un conflito.

8.- **Buzón de suxestións:** Poñer o nome no folio e debuxarse como se sinten. Meter o folio de forma anónima no buzón. Cada día a profesora ve o buzón e unha vez á semana todos fai unha actividade para saber como se están sentindo.